

# Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

## ACTA

Acta aprobada na sesión plenaria do 21/10/2015

Data	09/02/2015		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	18:47h
Carácter da xuntanza	Extraordinario e urgente		
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presidenta, Mª Olga Alonso Suárez</li> <li>• Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero</li> <li>• Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias</li> <li>• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez</li> <li>- Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Anxos Collazo Trigo</li> <li>• Xesús Rodríguez Amil</li> <li>• Rafael Dominguez de la Iglesia</li> <li>• Isabel López Lorenzo</li> <li>• Santiago Rodríguez Sánchez</li> </ul> </li> <li>- Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mª Jesús Granja Pereira</li> <li>• Mª Bertila Fernández Pérez</li> </ul> </li> <li>- Sector social: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Esperanza Dacosta Dapena</li> <li>• Manuel Vieites García</li> <li>• Carlos Bacelo Bacelo</li> <li>• Xan F. Centrón Montero</li> </ul> </li> </ul>		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sector docente: Antonio Madrid Risque</li> <li>• Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado</li> <li>• Sector docente: Pedro Nozal Cantarero</li> <li>• Sector docente: Pedro Nozal Cantarero</li> <li>• Sector docente: Agostiño Nieto Pazo</li> <li>• Sector usuarios/as: Ana Thaily Montilla</li> <li>• Sector usuarios/as: Vanesa Villa Blázquez</li> <li>• Sector usuarios/as: Mª Dolores Rodríguez Díaz</li> <li>• Sector usuarios/as: Carmen Esteban Romero</li> <li>• Sector social: Cipriano Luis Jiménez Casas</li> <li>• Sector social: Francisco Piñeiro Lorenzo</li> <li>• Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez</li> <li>• Sector social: Manuel Alonso Vieytes</li> <li>• Sector social: Iolanda Veloso Ríos</li> </ul>		
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sector usuarios/as: Mª Cristina de la Calle Rodríguez</li> <li>• Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado</li> <li>• Sector usuarios/as: Cynthia B. Pereira Romero</li> <li>• Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez</li> <li>• Sector social: Consuelo Martínez García</li> </ul>		
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).		

## **Orde do día:**

1. Proposta de informe do CEMV sobre a “proposta de modificación da adscrición de determinados centros públicos do Concello de Vigo (2015/2016)”<sup>1</sup>

Olga Alonso inicia a sesión explicando que foron convocados con carácter urxente xa que é preceptivo que o Consello informe sobre a proposta de modificación da adscrición de determinados centros públicos do Concello de Vigo. Explica que este documento chegara ao Consello uns días antes do último Pleno, en novembro, pero que non deu tempo a tratalo naquela xuntanza, aínda que se viu en rogos e preguntas. Comenta que, ao coincidir o Nadal polo medio, se demorou ata agora a posibilidade de emitir o informe, xa que se tivo que reunir a Com. de equipamentos para elaboralo. Así e todo informa de que a xefatura territorial non esperou á resposta do CEMV e xa resolveu, con data 6 de febreiro.

A presidenta entrega a tódolos presentes unha copia da resolución definitiva<sup>2</sup>, pero explica que esta non chegou ao Consello nin ao Concello, que foi enviada aos centros que se indican nela. De tódolos xeitos, pensa que é preciso emitir informe aínda que a decisión xa estea tomada, posto que así quedará constancia da opinión que ten a Comunidade Educativa da cidade sobre estes cambios.

Dito isto, Santiago Rodríguez, presidente da Comisión de Equipamentos, presenta o informe:

**DICTAME DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO, CEMV, SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ADSCRICIÓN DE DETERMINADOS CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO (2015/16)**

O documento propón unhas modificacións co obxectivo de liberar a sobrecarga de matrícula que a actual adscrición supón ao IES Álvaro Cunqueiro.

Refírese tamén ao obxectivo de non duplicidade de liñas de transporte escolar polas mesmas rúas para centros públicos diferentes e anuncia unha adaptación durante catro anos académicos, até 2019 (no que finaliza o actual contrato coas empresas de transporte recentemente prorrogado até ese ano).

---

<sup>1</sup> Achégase documento como ANEXO I

<sup>2</sup> Achégase documento como ANEXO II

Contén a descrición de unidades e matrícula actual dos seguintes centros con infantil ou primaria:

CEP Celso Emilio Ferreiro, CEIP Javier Sensat, CEIP Escultor Acuña, CEIP Seis do Nadal, CEIP Balaídos, CEIP Illas Cíes, CEIP Virxe do Rocío, CEIP A Canicouva, CEIP Pintor Laxeiro, CEIP Altamar, CEIP Lope de Vega.

Cambia a adscrición do CEIP Ramón y Cajal sen conexión co obxectivo enunciado e sen fundamentación.

Tras a análise feita pola Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa do Consello Escolar Municipal de Vigo CEMV, ditaminamos que:

1. Non se contempla na proposta unha visión global de mapa escolar para a cidade de Vigo, nun concello urbano como o noso, no que, ademais de estruturar a rede de centros xa existente, establece as necesidades de escolarización e prevexa a súa solución, acorde coas perspectivas de evolución da poboación escolar. Neste sentido é evidente a falta de postos escolares especialmente no centro urbano e, na zona que nos ocupa, para atender a crecente poboación escolar da urbanización de Navia.
2. O documento carece da correspondente información dos centros de secundaria, das liñas de transporte e supostas posibilidades de cada centro para acoller ao alumnado que se pretende adscribir.
3. A pesar do obxectivo de non duplicidades no transporte e da súa importancia para coñecer as zonas de procedencia do alumnado, o documento non informa das liñas de transporte dos centros afectados. Esta intención de non duplicidade, en si mesmo positiva, é incongruente coa multiplicidade de itinerarios de transporte privado a prazas escolares que están concertadas pola Consellaría de Educación.
4. O documento aproveita para adscribir centro non adscrito, o EEI Hernán Cortés, pero tamén readscribe outro, o CEIP Ramón y Cajal, sen xustificación, deixando cun só centro de primaria ao IES ROU, con capacidade de alumnado.
5. A adscrición dos centros educativos debería basearse na proximidade domicilio-centro (especialmente en infantil e primaria), permitindo a todo o alumnado a posibilidade de gozar dos mesmos servizos en todas as zonas.
6. O transporte debería servir para achegar o alumnado que o necesite, ben pola distribución xeográfica da poboación ou dos centros, ben por unha escolarización cos

servizos necesarios adecuada aos seus intereses, ou ben para lograr un axeitado e equilibrado aproveitamento dos centros existentes.

7. A proposta sometida a estudo, querendo liberar ao IES Álvaro Cunqueiro dunha adscrición excesiva, sobrecarga ao IES Alexandre Bóveda, co cal non elimina o problema senón que o traslada. Ademais esquece as necesidades de escolarización da poboación emerxente de Navia-Comesaña, no entorno dos centros afectados.

En conclusión, este Consello Escolar Municipal de Vigo CEMV considera que cómpre corrixir o problema que se xerou no IES Álvaro Cunqueiro cando se eliminou a secundaria no CEP Celso Emilio Ferreiro e non trasladalo a outro centro como fai a proposta presentada. Tamén non se debe esquecer a necesidade de escolarización da poboación emerxente de Navia. E precísase unha intervención que reordene e satisfaga as necesidades globais de escolarización da cidade.

-----  
Exposto o informe, Santiago Rodríguez comenta que a raíz da primeira proposta feita pola Xunta, os centros educativos estiveron estudando o exposto e incluso desde algún, coma o IES Alexandre Bóveda, se fixo unha proposta nova moi razoable é que solucionaba perfectamente o problema que eles expuñan. Esta proposta foi remitida á Consellaría que fixo caso omiso. Entende que non ten sentido que non se escoiten as propostas dos centros implicados que son os que manexan a información.

Olga Alonso comenta que na Comisión de Equipamentos, da que ela formou parte, sempre se traballou sobre o mapa escolar e a adscrición de centros, e que sempre se trasladou á Xunta a necesidade de facer unha análise global da situación de Vigo, e non de facer parches que solucionan uns problemas pero desatan outros. Comenta ademais que non ten sentido que aos centros de primaria non se lle tivera remitido a proposta, xa que estaban directamente implicados. Explica que aínda que a decisión xa estea tomada, desde o Concello se lle fará chegar este informe.

Santiago, no mesmo sentido, pensa que, aínda que xa resolveran, é importante que se lles envíe xa que nel se fai fincapé sobre temas clave, como que o transporte escolar ten que servir para sacarlle o maior rendemento posible aos centros e instalacións existentes, e non so hai que estar mirando a mellor forma de aforrar. Hai que estudar ben a situación actual, xa que hai centros que por non ter transporte están infrautilizados.

Antonio Estevez, representante da administración educativa, comenta que efectivamente eles tamén están de acordo en que o ideal sería revisar globalmente o mapa escolar actual, pero son conscientes de que a cidade de Vigo non é para nada

fácil, pola súa complexidade. Pero neste momento había unha urxencia e era necesario dar solución. Pensa que este informe chega tarde porque o día 1 comezou o proceso de reserva e as familias xa tiñan que saber a quen están adscritos e o xefe territorial esperou ata o día 5 para resolver, non se podía esperar máis. O informe tiña que estar antes do día 1.

Manuel Vieites comenta que habería que facer unha revisión global xa que estes problemas existen desde fai tempo. Pon o exemplo da zona de Teis na que hai 4 institutos en 200 metros, e que para el a día de hoxe carece de sentido. Pensa que ao mellor sería mellor que existira un bo centro integrado de formación profesional. Pensa que un centro como o Instituto Politécnico de Vigo non ten sentido que a día de hoxe teña alumnos de secundaria, porque supón desaproveitar todos os recursos que ten ese centro para chegar a ser un centro de formación profesional punteiro no norte de España. Non ten ningún sentido que os nenos do Chouzo vaian ao Politécnico. Comenta que está seguro de que haberá profesores que non queiran deixar o centro e que non apoiem o que está a dicir, pero cando se fala de educación priman os intereses da cidadanía fronte aos particulares. Pensa que facendo un estudo da zona se chegaría a dar un servizo óptimo. Di que como exemplo o ROU en vez de ser un instituto podería ser unha EOI bis ou un Conservatorio Profesional bis. En resumo, que habería que estudar as necesidades da cidadanía e facer un proxecto global e rigoroso que nunca se fixo.

Olga Alonso di que cando se falou no CEMV do mapa escolar, nunca se pensou nos docentes, porque senón non se terían dado os casos do Manuel Antonio ou do Celso Emilio, onde os profesores foron os últimos en saber a onde ían ir. Pensa que o que máis prima é o transporte, e o criterio economicista, o cal é moi perigoso. Súmase ao dito por Manuel Vieites de que é preciso que se faga unha análise global.

Isabel comenta que ata que desapareza o contrato de transporte é imposible que se solucione isto, e isto parece que vai ser no 2019.

Santiago Rodríguez, pensa que iso de que a Consellería estea atada polo transporte non é de todo certo, porque se quixeran, poderían sentarse coas empresas adjudicatarias do transporte e remodelar liñas de aquí ao 2019 sen que lle supuxera un custe para a empresa. Falta a vontade e valentía para facelo. Comenta ademais que non entende que criterios segue a Consellería para facer esta proposta porque no documento non se reflicten datos de idades, poboación,...

Rafael comenta, con respecto ao dito por Manuel Vieites, que o profesorado non pode ser criterio prioritario para que un centro non se mude a Centro de FP, pero si que hai que ter en conta aos docentes.

Manuel Vieites afirma que, sen pasar por encima dos dereitos de ninguén, hai que facer unha racionalización dos espazos educativos, e que en todo caso debería primar o interese global.

Analizado o informe sométese a votación:

<b>Acordo</b>
Acórdase aprobar o Informe e remitilo á Consellería.

Olga aproveita esta última xuntanza para agradecer persoalmente o traballo feito e a implicación a todos os membros que formaron parte deste Consello.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 18:47.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr  
A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Mª Vázquez Iglesias

Mª Olga Alonso Suárez